



9 de setembro de 2013. É para nós un pracer comunicarvos que vimos de activar a [nova web de ADEGA](http://nova.web.de.ADEGA)

, da que poderedes facer uso a partir de hoxe. A nova web de ADEGA intenta superar algunhas eivas da vella web, integrar toda a información que se produce no eido da organización, ser máis funcional para os socios e socias de ADEGA e para calquera usuario e ofrecer unha imaxe máis atractiva e moderna. O enderezo URL non muda, segue sendo “adega.gal”. Ademais poderedes acceder aos contidos do vello soporte na barra do fondo da actual web a través da ligazón “Web 2009-2013”.

A día de hoxe aínda estamos a completar algunhas seccións que intentaremos ter rematado o máis pronto posible. Pregámosche que teñas paciencia mentres esteamos neste proceso. Agar damos que o resultado sexa do voso agrado.

A continuación, sinalamos algunhas das **melloras** que ofrece:

NO DESEÑO: aínda que este aspecto é moi subxectivo, consideramos que con respecto á vella web, o novo soporte dixital ofrece unha aparencia moito máis atractiva para o usuario, visual e actualizada.

NA ESTRUTURA: A nova web integra toda a información relativa á actividade de ADEGA ordenadamente, destacando na portada todos os contidos que se actualizan día a día.

Á web xeral están ligados 4 apartados web que corresponden á **Revista Cerna, Radio Cerna, ADEGA-Cadernos e Outras publicacións**

. Accédese a eles a través da cabeceira da web principal.

Cada un deles, como veredes, ten un deseño propio e contidos específicos.

-

Na portada dáselle maior visualización ás **actividades** e todos os eventos organizados por ADEGA (desde Nacional, a equipa de Educación ambiental, ou doutros movementos nos que participamos) a través do slide dinámico da cabeceira.

-

Tamén adquieren presenza as **novas** de ADEGA difundidas desde calquera dos seus ámbitos (Nacional, delegacións, Educación ambiental), os programas de Radio Cerna, e os vídeos que consideramos de interese para a súa difusión.

-

Na portada, tamén se poderán consultar de forma instantánea as nosas **redes sociais** (Facebook e Twiter).

-

Todos os **proxectos** de ADEGA, **campañas ou informes** puntuais de actualidade, irán pasando tamén pola portada a través dos diferentes banners.

-

A **barra superior da portada** dá acceso a todas as seccións da web, tanto as que se

actualizan diariamente, como as estáticas.

NOVIDADES: Iraste decatando de que a nova web inclúe funcións ou apartados dos que antes non dispoñías. Pasamos a indicar algunha destas novidades, aínda que hai moitas máis:

-

Disporás de **varios buscadores** xerais e específicos (nas seccións de novas e axenda na web principal, e nos 4 apartados web das diferentes publicacións).

-

Pasa a ser pública toda a listaxe de **informes, alegacións e denuncias** que elaboramos en ADEGA das diferentes áreas temáticas. Pretendemos que a persoa usuaria teña toda a información posible e que ademais poida facer uso dela, ou tomala como referencia.

-

Toda a información relativa a unha **área temática** ou de traballo está concentrada nun mesmo apartado para que non te perdas.

-

Reunimos nun só apartado todos os proxectos que está a realizar ADEGA, nomeadamente de Educación Ambiental, incluída a Eira da Xoana.

-

Inauguramos un apartado de **campañas**, onde ti podes aportar o teu grao de area.

-

No apartado **multimedia** atoparás toda a documentación producida por ADEGA segundo o tipo de soporte. Por primeira vez, poderás visitar a nosa galería de imaxes e vídeos.

-

Tamén poñemos a disposición dos usuarios **documentos modelo** de denuncia, solicitude de información, ou para a elaboración de alegacións e unha guía das institucións ás que se adoitan presentar estes documentos. Consulta o

apartado “Pasa á acción”. Neste mesmo apartado tratamos de facilitar a través de formularios a túa participación na causa ambiental de diversos modos.

-

Facilitamos a escoita de **Radio Cerna por streaming**, é dicir, sen necesidade de descargar o audio.

-

Poderás **consultar os artigos da revista CERNA e de ADEGA Cadernos** sen necesidade de descargar toda a publicación, e facer busca específica dos seus contidos. Ademais, temos a intención de repoñer todos os contidos de ambas as dúas publicacións.

-

Ofrecemos a posibilidade de **subscrición on-line** ás publicacións de ADEGA.

-

Poderás descargar e consultar todo o **material divulgativo** producido por ADEGA, a través do apartado web “Outras publicacións”.

-

Poderás **subscribirte ao RSS** das novas, da axenda de ADEGA, de Radio Cerna e de todas as publicacións da organización.

Estas son algunhas das novidades que che podemos indicar, pero é mellor que as descubras por ti mesmo/a. Anímate a navegar pola nova web de ADEGA e a descubrir todo o que che contamos e máis.

DANOS A TÚA OPINIÓN: Para ADEGA a túa opinión é o máis importante. Se queres compartila con nós, podes enviarnos un mail a: cerna@adega.gal .
Ponte a gozar desta nova ferramenta feita pensando, sobre todo, en ti!